
Cryptomeria japonica (Thunb. ex L.f.) D.Don , 2010

- criptomeria, cedro xaponés
- cedro del Japón, criptomeria, sugi
- sugi
- criptomèria, cedre japonès
- Japanese cedar
- cedro do Jãpao



DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Pinopsida**	**piñales**	**Cupressaceae**	***Cryptomeria***

ORIXE

O Xapón.

CARACTERÍSTICAS

Árbore monoica, perennifolia, de ata 25-50 m de altura. Copa densa e cónica, redondeada coa idade. Tronco groso, recto e columnar. Codia marrón avermellada, lisa cando é nova, tornándose agrisada e rachándose lonxitudinalmente coa idade. Pólas principais máis ou menos verticiladas, estendéndose, horizontais ou erectas. Follas verde claras, en espiral, en fileiras de 5, decorrentes, en forma de punzón, coriáceas pero flexibles, lixeiramente curvadas. Conos masculinos axilares, sésiles, ovoide-elipsoides, inicialmente verdes e despois laranxas ou amarelados. Piñas femininas solitarias ou en pequenos grupos, terminais, globosas ou subglobosas, leñosas, con pedúnculos curtos, inicialmente verdes e marróns na madurez. Sementes (2-5) na base de cada escama, lixeiramente triangulares ou irregularmente elipsoides, de 5-6 x 2-3,5 mm, marrón escuras.

HÁBITAT

Prefire solos húmidos, profundos, ricos e ben drenados. Dende o nivel do mar ata os 2500 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Plantacións forestais no Xapón, na China e nas illas dos Azores. Cultívase amplamente como árbore ornamental noutras zonas temperadas, incluíndo Gran Bretaña, Europa e América do Norte.

CURIOSIDADES

Esta especie está parcialmente protexida en Yakushima, onde se atopa a subpoboación máis grande. Algunhas das subpoboacións máis pequenas nalgúns lugares tamén están protexidas, pero a tala aínda está permitida noutros.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX **ES** **CR** **EP** **VU** **CA** **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor